Notas sobre o anteproxecto de lei de arquitectura de Galicia

9 de decembro de 2021

A continuación preséntanse unha serie de comentarios e suxerencias ao anteproxecto de lei de arquitectura de Galicia agrupadas nos seguintes apartados:

- A indefinición do anteproxecto de lei.

- A indefinición da calidade da arquitectura.

- O papel anecdótico do social.

- Os artigos con contidos definidos.

- As condicións laborais das profesións que participan no proceso arquitectónico.

- O proceso de elaboración do anteproxecto de lei.

A INDEFINICIÓN DO ANTEPROXECTO DE LEI

Tras a lectura deste anteproxecto de lei, a primeira conclusión que se extrae é que o seu articulado parece basicamente unha exposición de motivos, unha serie de **enunciacións de condición difusa** que, salvo excepcións, non achegan case nada novo en termos prácticos ao mundo da arquitectura en Galicia. Nestes termos de **falla de vontade de intervir e regular**, a cidadanía galega adquire moi poucos dereitos e deberes con esta nova lei.

Así, o documento contén unha morea de vaguedades sobre a calidade arquitectónica, a sostenibilidade, a divulgación ou a participación cidadá **sen ningunha concreción práctica**, o que pode significar, ou ben que temos que considerar que se concretarán nun regulamento posterior ou ben que son unha simple recompilación de suxestións sen ningún percorrido normativo. Ao igual que co dereito á vivenda recoñecido na

Constitución Española, que ten producido miles de lemas, pero non ten case ningunha ou ningunha repercusión práctica na **reclamación de dereitos e deberes**, o mesmo parece que pasará con boa parte desta lei se non se definen os seus contidos máis fondamente.

Que repercusións pode ter que a lei determine que as administracións públicas fomentarán a calidade arquitectónica mediante medidas como "impulsar a edición de publicacións de divulgación, coñecemento e investigación na materia, así como cursos, seminarios ou xornadas con esa mesma finalidade" (art. 5.c)? Este tipo de actividades xa as fan agora e cunha moi dubidosa forma de selección de aquelo que se promove (o que se considera calidade) e unha repercusión moi limitada tanto no sector como na sociedade. Que novas ferramentas achega esta norma á cidadanía e aos profesionais? Con ese artigo imos poder reclamar algo ante un xulgado? O ecosistema arredor da crítica e a investigación arquitectónica e urbana vai dispoñer de máis recursos e posibilidades grazas a esta lei? Sen unha **dotación de recursos económicos**, sen unha **definición do alcance e das institucións e organizacións implicadas** e sen outros aspectos máis concretos este tipo de artigos non parecen achegar nada novo.

O grao de definición das determinacións do anteproxecto de lei é certamente asimétrica. É curioso como pode chegar ao detalle de definir que un premio de arquitectura será bienal ou que o seu xurado procurará estar composto dun xeito paritario e, ao mesmo tempo, se resuma un artigo como o da **participación cidadá** cun escueto "regularase a participación cidadá nos procesos de arquitectura, que serán de aplicación na fase de planificación" (art. 6). Regularase onde e como? Nun regulamento da lei posterior? Se é así, por que non se apuntan e fixan certas directrices xa nesta lei? Antes desta, cantas leis e normativas din fomentar a participación cidadá, pero non conseguiron case nada por ser só recomendacións? Que vai facer que esta lei sexa diferente? O certo é que coa redacción actual podería perfectamente non significar nada, ou implicar a posibilidade de recibir suxerencias nos procesos de planificación e nada máis. A estas alturas, tras décadas falando da participación cidadá desde moitas das disciplinas arredor do proceso arquitectónico e urbano, a redacción que presenta este anteproxecto de lei en forma de invocación nominal e de trámite dificulta outra interpretación que non sexa a de que, en realidade, non se busca en absoluto o fomento da mesma.

Son varios os artigos onde esta indefinición chama a atención. Outro exemplo é á hora de falar da **divulgación á cidadanía**, onde é sorprendente que se chegue a mencionar que se procurará que os medios de comunicación difundan unha información arquitectónica "que resulte amena e atractiva" (art. 8), pero non haxa nin unha soa mención ao papel que poderían ter institucións como o Instituto de Estudos do Territorio da Xunta de Galicia, o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia ou a E.T.S. de Arquitectura da Universidade da Coruña. Xa por non falar de todo o ecosistema

sociocultural independente arredor da arquitectura e o urbanismo, que tampouco son introducidos como axentes aos que se dirixe esta lei á hora de fomentar a divulgación.

A INDEFINICIÓN DA CALIDADE DA ARQUITECTURA

O concepto que máis se repite no articulado do anteproxecto é o de **"calidade da arquitectura"** e da contorna construída, pero, sorprendentemente dada esta importancia central, trátase dunha **noción que non se define en ningún momento**. Que é esa calidade? Quen e como a determina? Ter calidade significa estar ben conservada? Ser nova e contar cos últimos avances tecnolóxicos? Ser tradicional e de orixe preindustrial? Funcionar ben climáticamente? Ser formalmente innovadora? Ter o mesmo tamaño e cor que as edificacións veciñas? Ser moi utilizada pola cidadanía? Ter algún premio? Convertirse nun fondo popular de Instagram? Protagonizar un *paper* académico?

Ao non abordar a definición da calidade arquitectónica dun xeito plural, na práctica elimínase da súa definición a toda a produción popular do hábitat construído, é dicir, baixo os parámetros hoxe hexemónicos mediaticamente hai moitísimas obras de arquitectura e procesos urbanos que hoxe valoramos (tanto desde a academia ou a profesión que as estuda como desde a poboación que as usa e significa) que quedarán fóra desta non definición de calidade arquitectónica.

É certo que, polo menos, este anteproxecto fuxiu de facer referencia explícita á idea unívoca de arquitectura, territorio e paisaxe que ven defendendo a Xunta de Galicia nas últimas décadas, pero a indefinición é tamén unha porta aberta a que estas visións restrictivas da realidade sigan a ter unha importancia central no debate arquitectónico e urbano.

A cuestión é moi clara: se esta lei non ofrece unha definición de calidade arquitectónica e urbana á que a cidadanía poida recurrir para argumentar e defender a construción ou o mantemento de elementos arquitectónicos ou urbanos que considere de calidade, entón esta lei só dota de máis ferramentas á propia administración pública e ao resto de poderes que hoxe conforman o *status quo* con capacidade para decidir que é dita calidade. É necesaria unha **definición plural que dea conta das múltiples formas en que se pode materializar esa "calidade da arquitectura"**, de xeito que se poida invocar esa definición para loitar legalmente contra aquelo que ameace a cada elemento concreto que a poboación ou as institucións consideren relevante e de calidade.

O PAPEL ANECDÓTICO DO SOCIAL

Respecto ao campo do social, este anteproxecto menciona diferentes conceptos, pero non parece derivarse deles ningunha consecuencia concreta.

- Fálase de **"benestar" social** (Exp. Mot. e art. 2), pero quedan fóra da lei moitísimas cuestións arquitectónicas e urbanas que repercuten nel directamente. Para comezar, ao non definir á calidade arquitectónica, non se fai ningún esforzo por indicar que, ao igual que en calquera outro campo de coñecemento e valorización das actividades humanas, a arquitectura estivo e está permeada por ideas hoxe descartadas grazas ao avance do feminismo, do antiautoritarismo, do anticolonialismo, do ecoloxismo ou dos sindicatos de inquilinos. De que xeito esta lei introduce esas novas visións sobre a cidade e o espazo construído?

- Mencionase tamén **a "cohesión" e a "xustiza" social** (Exp. Mot. e arts. 1 e 4), pero nada na nova lei deriva cara a concepción da arquitectura e o urbanismo como dereito. Unha lei da arquitectura non debería estar só enfocada á que a sociedade poida coñecer mellor o que a academia ou o goberno consideran arquitectura de calidade en cada momento histórico, senón tamén a facilitar o seu pleno acceso á arquitectura: que unha unidade de convivencia sen recursos poida acceder a un traballo arquitectonico profesional para mellorar as súas condicións de habitabilidade ou que unha asociación veciñal poida acceder a un traballo de análise urbana para propoñer alternativas a un plan municipal co que está en desacordo a veciñanza son o tipo de cuestións que si implican ter **dereito á arquitectura e ao urbanismo**. Esta lei podería avanzar neste sentido formulando a idea da arquitectura como servizo garantido para as persoas e organizacións que hoxe están excluídas desta posibilidade.

- Por último, fálase tamén de **"corresponsabilidade" social** (Exp. Mot. e art. 8), pero en ningún momento se definen medidas para fomentar á participación nin para avanzar nos seguintes graos de corresponsabilidade e empoderamento social respecto aos que hoxe coñecemos como procesos participativos, que en realidade son só un primeiro paso moi inicial neste sentido. Cando se fala de corresponsabilidade da impresión de que o que se busca é só a responsibilidade da cidadanía no coidado do que as institucións consideren calidade arquitectónica, non unha corresponsabilidade na construción do hábitat. Que cotas de poder lle cede esta nova lei á cidadanía para poder considerala corresponsable?

Máis alá destas cuestións específicas, a sociedade galega, a quen en principio interpela esta nova lei, non está representada como singularidade de ningún xeito. Nada nesta lei fai entender que se teña unha idea complexa do territorio e da arquitectura galega en particular. Nin unha sóa mención á cuestións importantes como as nosas formas de desenvolvemento urbano máis singulares, nin á arquitectura popular contemporánea, nin á importancia e aos valores da autopromoción, da autoconstrución ou do minifundismo en Galicia, nin á arquitectura que xeran as nosas

formas de desenvolvemento infraestrutural, industrial ou forestal propias, etc. Non hai nada que revele que estamos ante unha lei de arquitectura “de Galicia” e moito menos da Galicia contemporánea e da súa sociedade actual.

OS ARTIGOS CON CONTIDOS DEFINIDOS

Por outra parte, o anteproxecto tamén inclúe algunhas cuestións máis prácticas e definidas:

- A consolidación da **introdución da arquitectura no currículo académico** (art. 7). Unha cuestión si explicitada, pero cuxo beneficio depende igualmente do que se vaia a introducir como formación. Existe un consenso sobre o que é a arquitectura e o urbanismo de calidade como para entrar no curriculo académico? Non parece que esteamos ante un campo como as matemáticas ou a sintaxe gramatical onde non existan conflitos, e non parece que a concepción da arquitectura proposta nesta lei sexa suficientemente plural e crítica por agora. Só se se fai desde esta perspectiva plural que acolla as diversas concepcións do territorio e da arquitectura galega sería positiva e desexable a súa introdución en todas as etapas educativas.

- A creación dun **novo premio da arquitectura de Galicia** (art. 10), que polo explicitado no documento, non aporta nada novo aos xa existentes. Un premio ao que se van presentar os mesmos estudos de arquitectura que xa o fan aos premios COAG, Gran de Area ou Juana de Vega a nivel galego, ou CSCAE, Enor ou FAD a nivel estatal. Nin sequera se formula un premio que quera diferenciarse nalgo destes, cando hai polo menos dúas cuestións que si se poderían traballar: unha é a de que sexan premios aos que non se presenten as persoas, senón que sexan os xurados elixidos cada ano os que teñan que facer un traballo de investigación sobre as arquitecturas e espazos urbanos que merecen ser premiados; e outra é a do tempo, é dicir, que non se premien fotografías da inauguración das obras senón procesos de máis longo percorrido que teñan demostrada a súa utilidade social. Pero a cuestión fundamental é a falta de ambición que implica non querer indagar nas formas de valorización da arquitectura máis que a través dun novo premio. Neste contexto no que xa existen moitos premios, é incomprensible que á hora de pensar en como mellorar a calidade da arquitectura se opte por un novo premio e non por cuestións máis produtivas como a creación de becas, convocatorias públicas e recursos para investigación e a experimentación arquitectónica e urbana.

- E un conxunto de **melloras nos procesos de contratación e concursos de proxectos** (art. 13), cuestións moi necesarias, aínda que insuficientes e, sobre todo, incomprensiblemente de aplicación só recomendada, polo que poderían non ter moito percorrido na realidade. Que impide que sexan criterios obrigatorios e non só

orientativos? Que ben hai en que non se implementen? Son varias as cuestións a comentar neste apartado:

Nun Concello como A Coruña, na pasada lexislatura só se convocaron dous concursos de proxectos e ningún na actual. E trátase dunha media, dous concursos nos últimos seis anos e medio, superior que á da maioría dos Concellos galegos. Cales son as causas para que os Concellos non queran ou non poidan xestionar así as licitacións públicas? Que achega esta nova lei neste sentido? A falta de definición do que significan as "propostas proxectuais singulares ou de especial complexidade" (art. 13.a) non obriga en nada ás administracións públicas: a parte de que a lei só fale de que se xestionen mediante concurso "preferentemente", calquera obra pode ser considerada ou non deste xeito: por que non explorar criterios en base ao orzamento de execución, á tipoloxía, ao tamaño do ámbito, etc.?

A realidade é que esta lei non engade ningunha medida en termos normativos ou de recursos para fomentar os concursos de proxectos. Ademais de que estean mal organizados por norma xeral en moitos sentidos (orzamento dos premios, documentación, transparencia, prazos, esixencias, etc.), o grande problema é que se convocan moi poucos concursos de proxectos, polo que parece necesario que na procura de aumentar a calidade arquitectónica se opte por obrigar a xestionar deste xeito a realización dunha determinada porcentaxe do volume de obras de cada Concello, para o que será necesario dotar de recursos financeiros e técnicos aos municipios que non dispoñan deles, así como mellorar a súa xestión, por exemplo, creando unha plataforma de concursos de proxectos a nivel galego onde se sistematicen e se transparenticen os seus procesos e resultados. Ademais, se se realizan moitos máis concursos de proxectos seguramente se atenuaría outro dos problemas desta forma de xestión do proceso de deseño arquitectónico e urbano: a enorme forza de traballo non remunerada que se produce nos concursos, unha cuestión que tamén debería ser repensada para mellorar o seu funcionamento.

Respecto aos **xurados** dos concursos (art. 13.b), está ben que a lei prevea a súa remuneración, pero a cuestión máis relevante é que sexa coñecida a súa composición no momento da convocatoria do concurso polas persoas participantes, así como que formen parte do proceso de redacción das bases ou que polo menos estean involucrados dalgún xeito previamente (ademais de que a súa composición conte cunha porcentaxe significativa de profesionais independentes da administración convocante e cunha experiencia acreditada no eido do concurso). Outra cuestión curiosa é que se defina esta "retribución" ou "dietas" para os xurados, pero non se mencione nada dos **premios aos participantes**, unha cuestión que a maioría das veces está completamente desfasada con respecto ás esixencias dos concursos. Se a lei entra nestas cuestións, é imprescindible que se regulen uns premios mínimos en relación a parámetros obxectivables como o tamaño do ámbito de intervención ou os traballos esixidos nos pregos.

Respecto á **solvencia técnica** requerida nos concursos (art. 13.c), está ben que se mencione que se poderá acreditar con títulos en lugar que cunha relación de servicios ou experiencia previa, pero que sentido ten dicir isto, para despois dicir “sen prexuizo de que o órgano de contratación estableza outros criterios con carácter alternativo”?. Que cambia este artigo da situación actual? Na actualidade xa se poderían empregar eses outros criterios, pero non se fai. Por non falar do significativo que é igualar cantidade a calidade cando se fala de experiencia, dando como resultado un circuíto completamente pechado á hora de acceder a determinadas licitacións específicas.

Respecto á **información previa** que conforma a documentación para os concursos de proxectos (art. 13.f), a lei simplemente acredita unha obviedade cando a define como aquela documentación da “que dispoña o órgano de contratación” (planimetrías, informes, etc.). A realidade é que esta información soe ser bastante defiente na maioría das ocasións, sendo dificil de entender cal é o papel do COAG nos seus convenios cos Concellos de colaboración na organización de moitos concursos. Sendo esta unha cuestión tamén crucial para mellorar a calidade das propostas resultantes, esta lei podería regular dalgún xeito a información mínima necesaria, así como a introdución de cuestións que nunca van entrar neses elementos dos “que dispoña o órgano de contratación”, como os procesos participativos, que perfectamente poderían ser unha cuestión previa obrigatoria en todos os procesos deste tipo cun peso orzamentario proporcional ao tamaño e á complexidade de cada ámbito de actuación.

Respecto ao **prazo para presentación de propostas** aos concursos de proxectos, é tamén confuso que se adoite un prazo mínimo xenérico de 40 días naturais cando a casuística de cada proceso pode ser moi diferente, polo que todo parece apuntar a que debería estar relacionado co tamaño e a complexidade do proxecto e, en calquera caso, pensados para a máxima concurrencia posible e a mellor calidade das propostas presentadas. 40 días naturais é sempre un prazo mínimo e insuficiente sexa cal sexa o ámbito a intervir.

Respecto ao **peso do criterio económico** na valoración das propostas presentadas ás licitacións abertas (art. 13.h.2), non se entende porque segue pervivindo o modelo da “baixa económica”. Pasar dun 49% a un 25% no peso da oferta económica é un avance, pero continua sendo un factor moi determinante en contra da calidade. Porque non minimizar aínda máis unha cuestión que nunca vai a favor da calidade?

A cuestión dos concursos está intimamente relacionada co **reparto do traballo** de orixe pública, maioritariamente xestionado hoxe en día a través da figura do contrato menor sen ningunha publicidade. Un proceso legal, pero que, dada a súa obvia relación coa falta de calidade arquitectónica derivada dos vicios desta forma de selección opaca, podería ser matizada mediante listaxes públicas ou outras metodoloxías que este anteproxecto de lei non contempla por agora. A cuestión é impedir que estudos concatenen contratos menores con administracións públicas durante anos ou décadas para traballos que nada teñen que ver entre si (unha práctica

moi común a todos os niveis -municipal, provincial e autonómico-). Ademais doutras medidas, de novo parece necesaria a de obrigar a que unha porcentaxe das licitacións públicas de cada administración se realicen por medio de concursos abertos. E, de todos os xeitos, o que si é perfectamente posible e redundaría moito na transparencia e na posibilidade de aprendizaxe, e polo tanto na calidade da arquitectura, sería a obrigatoriedade de que se publiquen todos os traballos arquitectónicos contratados polas administracións públicas. É indignante que se agochen traballos técnicos pagados polo sector público dos que poderiamos aprender e que, ademais, só así, accedendo a eles, podemos avaliar se as administracións están a xestionar adecuadamente os cartos públicos.

AS CONDICIÓNS LABORAIS DAS PROFESIÓNS QUE PARTICIPAN NO PROCESO ARQUITECTÓNICO

Como no avance publicado no anterior período de exposición pública, neste anteproxecto de lei non hai nin unha soa mención ás **condicións laborais** das persoas que participan no proceso arquitectónico ou na propia disciplina da arquitectura. Unha cuestión dificilmente explicable no **contexto de precariedade** que vive boa parte do sector e que tantísimas persoas novas está a expulsar á emigración e cara outros sectores laborais. Levamos xa moito tempo escoitando historias incribles sobre as condicións laborais da xente nova e non tan nova nos estudos de arquitectura: salarios miserables, horarios ilegais, becas que substitúen contratos, problemas coas vacacións, os descansos ou ata coa posibilidade de falar ou ir ao baño.

E non parece acertada a excusa de que esta lei non pode interferir no resto da lexislación laboral. Hai espazos na súa redacción onde se podería mencionar esta cuestión, desde na exposición de motivos ata na definición de calidade ou dos requisitos para participar en concursos e licitacións públicas. Non é que o laboral ou o económico non teña espazo na lei, xa que si se menciona o papel da arquitectura na "creación de emprego" e no "desenvolvemento económico", a súa condición de "servizo profesional, tanto cultural como económico" ou a súa capacidade para aumentar o "atractivo como centro mundial de actividade económica" de Galicia (unha frase esta última que, por certo, non transmite precisamente unha idea de seriedade na redacción deste anteproxecto).

Dado que o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia ten demostrado que non considera ás prácticas de explotación e á precarización xeral da profesión como un problema prioritario, deben ser as administracións públicas, neste caso a Xunta de Galicia, as que aborden un **problema directamente relacionado coa calidade da**

arquitectura. Neste sentido, desligar completamente a calidade arquitectónica das condicións materiais das persoas profesionais que a fan posible é unha cuestión meramente ideolóxica que non debería formar parte dunha lexislación que nos afecta a todas as persoas que vivimos en Galicia.

En realidade, a lei proposta, aínda que deixa fóra ao groso da sustancia arquitectónica que conforma o territorio galego porque se centra unicamente no que pode facer o sector público como promotor e divulgador da arquitectura, é un recoñecemento desta relación entre as condicións nas que se realiza e un traballo de calidade. A proposta de mellora das condicións das licitacións e concursos públicos é de feito unha constatación de que as condicións materiais nas que se desenvolve a disciplina son relevantes e están relacionadas coa calidade arquitectónica. Deixar fóra ás arquitecturas de orixe privado é unha decisión política (baseada na idea de que chega co papel das administracións como exemplos a imitar pola cidadanía) que podería ser aceptable a un nivel da arquitectura moi básico, pero non ao do proceso arquitectónico ao completo que inclúe ás consecuencias para cada un dos axentes que participan nel.

Por último, é preciso remarcar que todo isto está só referido á disciplina arquitectónica, non ás condicións laborais do **resto dos sectores** que participan no proceso arquitectónico. Por exemplo: como pode unha lei da arquitectura non mencionar que o sector da construcción é o que ten un maior índice de siniestralidade laboral e que a mellora da calidade arquitectónica tamén pasa por reducir ao mínimo este tipo de problemas estruturais?

O PROCESO DE ELABORACIÓN DO ANTEPROXECTO DE LEI

O propio proceso participativo na redacción desta lei é moi significativo de como se entende á participación (art. 6) por parte das administracións públicas, xa que quedou resumido a dous períodos nos que se puideron enviar suxestións. Por que nin a Xunta de Galicia (o IET, por exemplo), nin o COAG, nin a ETSAC organizaron **foros, mesas de traballo e debates públicos** sobre esta nova lei? Como é posible que se tramite esta lei con esta sensación de que estas tres institucións non se xogan nada no seu desenvolvemento e non teñen ningunha relación entre si?

Tamén os traballos previos á redacción desta lei poden ilustrar o que entende a administración pola documentación necesaria para iniciar un proceso de deseño nas mellores condicións (art. 13.f), pois para comezar a pensar nunha lei da arquitectura parece necesario partir de determinados estudos que hoxe non existen. Por exemplo, para saber cómo mellorar as condicións do traballo arquitectónico ou da divulgación da arquitectura sería necesario partir dunha **análise da realidade actual da profesión e**

do seu ecosistema sociocultural en Galicia: cantas persoas se dedican á arquitectura? Que formatos profesionais existen? Como están distribuidos en termos de situación, de idade ou de remuneración? Cales son os problemas específicos de cada un deles? Que novas formas de exercicio profesional xurdiron nas últimas décadas? Por que emigran ou dedicanse a outras profesións tantas persoas tituladas na E.T.S. de Arquitectura da Coruña? Por que hai tantas persoas traballando no sector e tituladas, pero que non se colexian? Cales foron as consecuencias salariais da liberalización do sector e a eliminación das tarifas de honorarios mínimos? Que porcentaxe das licitacións públicas relativas á arquitectura se realizan mediante concursos de proxectos, licitacións abertas e contratos menores discrecionais? Cantas exposicións e outros eventos culturais sobre arquitectura se fan cada ano en Galicia? Quen os financia e onde se realizan? Cantos proxectos de investigación sobre a arquitectura e o urbanismo se realizan cada ano en Galicia? Que institucións e organizacións os financian e os realizan? Que medios de comunicación teñen seccións dedicadas á arquitectura na actualidade?

Coñecer e poder interpretar a resposta a todas estas e a moitas outras preguntas axudaría moito a redactar unha lei da arquitectura minimamente situada na súa realidade social e contexto histórico.

- - - -

Achegas colectivas á lei de arquitectura de Galicia

4 de xaneiro de 2021

A continuación introdúcense unha serie achegas elaboradas de xeito colectivo por un grupo de profesionais da arquitectura/urbanismo en Galicia. Dada a apertura da cuestión nesta primeira fase de colaboración no proceso de desenvolvemento lexislativo, optouse por introducir moitos temas arredor da práctica da arquitectura e das contornas construídas ás que esta nova Lei podería dar resposta para melloralas dun xeito integral.

As achegas agrúpanse nos seguintes grandes temas:

- O concepto de calidade arquitectónica.

- A autonomía arquitectónica (con e sen arquitectos/as).

- A arquitectura como profesión.

- A arquitectura como dereito.

- A Lei de Arquitectura de Galicia como lexislación.

- A divulgación e a investigación da arquitectura/urbanismo.

Así, os obxectivos xerais deste conxunto de achegas serían: reformular o concepto de calidade que se ven conformando nas lexislacións máis recentes en torno ao territorio e lexitimar a producción arquitectonica con calidades urbanas, pero non producida por arquitectos/as; mellorar as condicións laborais das diferentes prácticas profesionais arredor da arquitectura e a contorna construída; reflexionar sobre a propia lexislación como ferramenta de mellora social e sobre a introducción do dereito á arquitectura; e fomentar un ecosistema arredor da arquitectura e as contornas construídas onde a divulgación e a investigación axuden a ampliar os debates e a recoñecer os valores do territorio galego desde a máxima pluralidade dos discursos e das interpretacións do mesmo.

O CONCEPTO DE CALIDADE ARQUITECTÓNICA.

- Son dous os conceptos que a Lei de Arquitectura de Galicia debe definir coa maior precisión posible: a ***contorna construida*** e a ***calidade arquitectónica***. Debe acometerse cun carácter inclusivo, fóra de sensibilidades parciais. Un barómetro disto pode ser aquel que inclúa as perspectivas das diferentes cosmovisións do territorio intrísecas a cada estamento social, máis alá das hexemónicas no entorno académico ou as publicitadas polos medios de comunicación.

Así, definicións que nas pasadas décadas conseguiron calar na poboación, pero á vez de enorme imprecisión no momento de poñerse de acordo sobre as súas manifestacións e alcance, como é o caso do ***feísmo***, resultan inválidas para iniciar calquera análise solvente das dinámicas do territorio. Con todo, a sensibilización das administracións ante a manufactura dun consenso na Galicia das cidades traduciuse na elaboración de *libros de estilo* con carácter prescritivo sobre a imaxe das edificacións. Constitúe unha grave frivolidade reducir as complexas dinámicas do territorio a un control cosmético dos materiais e cromatismo da imaxe da paisaxe. Por outra banda, non é máis que o erro da perigosa tradución regulamentaria dunha polémica mediática mal formulada e distorsionada.

A Lei debe reconsiderar a natureza das diferentes **guías existentes** que afectan ás obras de urbanización e edificación. Tendo en conta que moitas delas foron redactadas como recomendacións e guías de boas prácticas, non poden traducirse de ningún xeito en determinacións vinculantes e, en todo caso, o que se debería formular é unha revisión profunda da súa natureza como ferramentas de control da forma construída.

A **pluralidade** de individuos e colectivos que constrúe ese territorio (continuamente denostado) debería ter presenza nese Consello da Arquitectura de Galicia, que non pode estar formado só por técnicos/as, académicos/as e burócratas.

- En todo caso, dende unha concepción rigorosa da arquitectura debe sinalarse que o **concepto de calidade** que se ven formulando nas diferentes leis territoriais e paisaxísticas dos últimos anos é inadecuado. Tanto ética como tecnicamente é irracional a idea de cargar na autopromoción o *problema* do territorio galego, que só se pode entender a maioría das veces como un conxunto de procesos e elementos a valorar desde a arquitectura.

Sen entrar en cuestións máis teóricas, unha Lei de arquitectura non pode castigar a precariedade material coa que unha parte da cidadanía desenvolve a súa actividade no territorio. Unha perspectiva urbana do *gusto* non debe impoñerse sobre os medios materiais ao alcance das clases menos acomodadas. Ademais de non recoñecer a **lexítima expresión** no territorio da nosa diversidade social e económica, é común que

novas regulacións sobre o territorio de índole estética se traduzan nunha maior carga económica e burocrática para os/as axentes máis precarios/as.

- No pasado recente, a incorporación de novos parámetros de regulación da imaxe das construcións tense traducido nunha maior incidencia e control sobre **o gran pequeno da promoción individual**, mentres que os procesos análogos nas grandes operacións residenciais e de equipamentos así como as obras de infraestrutura quedaron á marxe, controlados polas avaliacións sectoriais (con dubidosos resultados de integración), ou directamente puideron dispoñer de fórmulas de tramitación que eluden as normais ferramentas de integración urbanística do planeamento vixente. É o caso da Lei 3/2016, de 1 de marzo, ou da figura dos Proxectos de Interese Autonómico (que substitúe á dos anteriores Proxectos Sectoriais de Incidencia Supramunicipal) na nova Lei de Ordenación do Territorio, aprobada polo Parlamento o pasado 22 de decembro. As iniciativas con maior impacto estratéxico sobre o territorio, por moi alta que sexa a súa urxencia e público interese, non poden quedar á marxe dunha Lei de Arquitectura nin caer nunha total falta de exemplaridade e escasa calidade, como é habitual en demasiadas ocasións.

- Unha das interpretacións do concepto de *calidade* arquitectónica tan remarcado nas premisas desta lei é, segundo o conxunto de leis desenvolvido nas últimas décadas, o da *integración* ou *adaptación* ás contornas construídas existentes. Pero para *adaptarse* ás contornas existentes primeiro hai que **entender** as contornas existentes. Non abonda cunha achega estatística (metodoloxía empregada na Guía de Cor e Materiais de Galicia), senón que é necesario entender a evolución dinámica do territorio, xa que son numerosas as novas formas urbanas do territorio galego que manifestan dito dinamismo, aínda pendentes de estudo e definición. En que consiste adaptarse a algo que se **descoñece** ou que, de recoñecerse, se fai sempre con connotacións negativas? O *gusto* e o *visual* non poden ser a base de ningunha estratexia de ordenación territorial seria.

A AUTONOMÍA ARQUITECTÓNICA (CON E SEN ARQUITECTAS/OS).

- Para poder incorporar, de maneira equilibrada, as diferentes dimensións socioculturais, materiais ou inmateriais, que participan da calidade da arquitectura e a contorna construída, non hai outro camiño que a **transdisciplinariedade** e a suma das **voces heteroxéneas** e expertas en cadanseu ámbito. Reforzar o poder decisorio e de control dos colexios profesionais técnicos, delegando neles novas funcións, consolida o seu papel de *figura de autoridade*, e deixa fóra non só a moitos campos de coñecemento como a xeografía, a antropoloxía, a socioloxía, etc., senón tamén a outros/as axentes non académicos/as ou profesionais que toman parte de maneira

relevante nestes procesos. A edificación é tan só un factor determinante mais de tantos que interveñen na calidade da nosa vida na contorna.

- Igualmente, a definición do **interese xeral** desde a perspectiva desta lei non pode resumirse en entender que todo o que pase polo control dos/as arquitectos/as terá *calidade arquitectónica*. Cuestións como a diversidade/pluralidade ou a posibilidade do inesperado tamén entran nese concepto de interese xeral, pois son cuestións absolutamente centrais en todos os procesos de innovación, incluindo, por suposto, aqueles que poden ser definidos como científicos.

- Neste aspecto debe considerarse un significativo paradoxo: As medidas, recomendacións e guías que regulan a imaxe das novas construcións e rehabilitacións fóra das cidades baséanse substancialmente nos patróns das arquitecturas do mundo agrario preindustrial, construccións populares acometidas **sen a participación de arquitectos/as**, co obxectivo de que esta imaxe constitúa a foto fixa na que conxelar a evolución contemporánea dunha parte significativa do noso territorio. Pola contra, unha tendencia constante na progresiva regulación da actividade construtiva no territorio consiste en someter ao control de arquitectos/as un rango de obras cada vez máis miúdo, relegando os saberes doutros oficios a un papel máis testemuñal, subsidiario, ou á mera recuperación nostálxica de técnicas esquecidas. As achegas e axentes da arquitectura popular a partir da segunda metade do século XX son obviadas e ata criminalizadas.

- Por suposto, estas inquedanzas parten do desacordo coa análise que se adiviña detrás da nova Lei, verbo de que todo o territorio galego é un erro salvo unha serie de xoias arquitectónicas que, ou ben son pre-voo americano (1956-57), ou ben son de autor/a. O espazo das vangardas é por suposto necesario, pero non máis que a **lexitimidade do estrutural** e o recoñecemento de todo o que non foi realizado por arquitectos/as. E na actualidade prodúcese esa situación contraditoria na que, mentres adoramos cada vez máis a arquitectura non producida por arquitectos/as, limitamos tamén cada vez máis as posibilidades de que xurda a arquitectura popular contemporánea, que deriva cara a estar 100% controlada por arquitectos/as, ou, polo menos, por unha visión moi restrinxida do que é a arquitectura.

- O gran tema neste sentido é o da **auto-promoción** e a **auto-construción**, dúas realidades cunha pegada histórica fundamental en Galicia e cun presente tamén moi vivo, segundo as estatísticas referidas ao tipo de vivendas comúns en todo o territorio galego. A nova lei debería atender á posibilidade de que os/as arquitectos/as teñamos un papel máis importante na auto-construción, e non só como mero trámite ou obstáculo que hai que aceptar. A lei de seguridade e saúde nas obras de construción (RD1627/1997), que é a que define moitas trabas para a auto-construción, é perfectamente compatible coa figura do/a arquitecto/a, que podería ter un papel facultativo máis relevante, pero só se se recupera a confianza en nós como axentes profesionais e coidadores/as dos habitares e a saúde socioterritorial, unha cuestión

imposible se a lei nos obriga a presentarnos principalmente como un problema para as persoas que deciden auto-promover a súa vivenda. É necesario definir un catálogo de posibilidades para enfrontarse ao feito construído que dea cabida aos diferentes tempos (non necesariamente lineais), formas e materialidades das pequenas edificacións auto-promovidas e/ou auto-construídas.

- Que tipo de accións sobre o territorio quere **controlar** esta lei de arquitectura? As súas premisas fan intuír que se trata dunha Lei para limitar a autonomía da xente que auto-promove a súa propia vivenda e, pola contra, esquece as grandes accións que poden implicar a destrucción do territorio (cuestións sectoriais como as infraestruturas ou as políticas extractivas, enerxéticas ou forestais). Con estas estruturas lexislativas redúcense cada vez máis as posibilidades para a construción do gran fino e concéntranse en menos mans as decisións sobre o territorio. Esta realidade, xunto co obxectivo declarado de "contribuír a desenvolver o potencial de crecemento económico e de emprego que ten a arquitectura", pode interpretarse como, por unha banda, un intento de esgotar todos os posibles nichos de mercado para a profesión dun xeito certamente violento e non desexado, non a través da divulgación ou a suxestión senón da norma e, por outra, como unha forma de facernos partícipes da sumisión da vida e dos territorios ás lóxicas turísticas, ambas as cuestións sen ningunha relación con calquera conceptualización razonable da *calidade arquitectónica*.

- Alén disto, neste contexto lexislativo crecentemente tendente á homoxeneidade e á limitación das posibilidades para controlar previamente os resultados, é tamén cada vez máis necesaria a ampliación dos **espazos para as iniciativas experimentais** e a investigación dos modelos estandarizados **incorporando novas epistemoloxías** e perspectivas, que poden ser cambiantes (xénero, alternativas comunitarias, diversidade funcional, etárea e de identidades). Esta excepcionalidade non debe entenderse como unha validación de modelos segregativos ou de infravivenda que non garantan o dereito ao hábitat digno e pleno de todas as persoas. As solucións alternativas deben procurar a pluriversalidade, en ningún caso deben empregarse para manter o status quo nen as xerarquías sociais.

A ARQUITECTURA COMO PROFESIÓN.

- As **condicións materiais da profesión** repercuten dunha forma absolutamente trascendental na calidade do pensado e do construído. Unha Lei de Arquitectura debe, polo tanto, velar dun xeito decidido pola mellora das condicións laborais nas que se exerce a súa disciplina.

- No que se refire ás condicións da **contratación pública**, rexirán os principios de calidade no proceso en base á igualdade de oportunidades, transparencia e libre

competencia, que xa aparecen como temas principais na lei de LCSP 2017, e que rara vez rixen as contracións públicas de Xunta, Diputacións ou Concellos, cada unha delas coas súas carencias particulares. Algúns dos temas clave que debería abordar son os seguintes:

- Minimización ou eliminación da baixa económica como criterio de valoración nas licitacións públicas de arquitectura/urbanismo. O papel da baixa económica é un dos grandes problemas dos que deriva a precariedade xeral dunha boa parte da profesión. Se agora a Lei de contratos establece un 49% cuantitativo e un 51% subxectivo (*calidade*) na valoración dos concursos/licitacións, esta nova Lei debería propoñer unha nova relación porcentual que eliminase ou levase ao mínimo esa idea da baixa económica, unha realidade que se converteu nun auténtico disparate no que os licitadores simplemente estudan as baixas noutras convocatorias para facer a súa, sen absolutamente ningunha relación nin co prezo real dos servizos nin, por suposto, coa súa calidade. E para isto, deberiase reformular e afinar o cálculo do valor do contrato por parte da administración, que case nunca é axeitado (xa que depende dun PEM de mercado que é dificil fixar sen un proxecto enriba da mesa) e, ademais, cada vez hai mais requerimentos, polo que o valor sobre o que hai que baixar é xa moi baixo. Quen pode baixar do escaso? Se cadra, os grandes estudos/enxeñarías ou aqueles con estruturas profesionais baseadas nos colaboradores baratos ou de balde. Unha das cuestións nas que esta Lei podería ter unha incidencia eficaz podería ser a redefinición dos valores cuantificables na contratación, xa que o problema máis habitual co desproporcionado peso das baixas económicas é a dificultade para dar con máis parámetros obxectivos que podan contrapesar e reducir o peso daquel.

- Minimización ou eliminación dos concursos e licitacións restrinxidas (directa ou indirectamente). Os concursos restrinxidos (propostos na lei 12/2017, de 6 de xullo, da arquitectura de Cataluña, como criterio xeral) non poden ser a solución ao problema do enorme traballo non remunerado que se produce en cada concurso ou licitación pública, pois as súas consecuencias son simplemente que moitas persoas/estudos non poden acceder a eles e só se promociona a participación das estruturas profesionais máis grandes. Pero non só estamos a falar das convocatorias restrinxidas oficialmente, senón daquelas que o son de facto a través de esixencias diversas. A esixencia de **garantías de solvencia técnica** é un dos maiores problemas actuais, xa que deixa incluso traballos de pequeno tamaño en mans de grandes estudos/enxeñarías dada a súa *solvencia*, non en termos de calidade, senón medida únicamente en número de m^2 asinados e cantidade de euros xestionados (que ademais se teñan executado nun prazo moi limitado e recente de 3 anos, que é absolutamente desfasado cando moitas obras incluso duran máis tempo). Por outra banda, o denominado "traballos previos similares" que fixa a lei tómase moitas veces ao pé da letra e é case imposible de cumprir para a maioría

dos/as arquitectos/as, máis aínda no contexto actual de estancamento. Estas dúas últimas cuestións implican unha restricción enorme, xa que os estudos non adoitan estar especializados nun único tipo de construcción. Desde unha visión xurídica é difícil de entender, pero a realidade é que se poderían valorar perfectamente "complexidades equivalentes" e non tanto "cousas similares" medidas en m^2 e €. Para isto e entre outras cousas, esta Lei podería incidir nunha utilización menos restrictiva dos códigos CPV (que clasifican as actividades) para facer realidade e facer realidade a concorrencia que di pretender a lexislación.

Por outra banda, e aínda que non está claro se este método de contratación vai seguir tendo a relevancia que tivo ata hai poucos anos cos últimos cambios lexislativos, non se pode deixar de mencionar outra forma moi extendida de convocatorias *restrinxidas*: a micro-corrupción normalizada que representan os contratos menores aos que se lle esixe a presentación de tres ofertas, unha fórmula que durante moito tempo implicou o xurdimento da figura do *mariachi*, pois na maioría das ocasións se trataba de contratos outorgados de forma directa, pero á que se presentaban outros dous orzamentos por parte de persoas ou estudos de confianza, ben das persoas/estudos que obtiñan o contrato, ben por parte das administracións. Por último, otra das cuestións que tamén limita a participación nas licitacións públicas é o abuso inxustificado dos P.A.S. "Procedementos Abertos Simplificados", nos que a lei fixa un mínimo de 15 días que son totalmente insuficientes para a maioría dos traballos e que deberían ampliarse en función da dificultade, como mínimo, cando se pida unha proposta arquitectónica e non só un orzamento.

- Mellora das condicións dos concursos ou procesos de selección de proxectos. Sendo as condicións o maior atractivo dun concurso e tendo estas case sempre unha equivalencia directa cos seus resultados, é necesario mellorar as pésimas condicións en termos de remuneración, prazos, esixencias, xurados, etc., de moitos dos concursos de arquitectura/urbanismo convocados en Galicia, a maioría deles con algún tipo de aprobación ou participación do COAG. Parece necesaria a reformulación dos seus criterios ou a creación dunha **oficina de concursos** para xestionalos e monitorizalos de forma independente dende a convocatoria ata a entrega da obra. Polo de pronto, debe estar conformada por máis axentes que as administracións e o COAG, institucións que non teñen sido capaces nin de asegurar cousas tan primarias como uns mínimos en termos de estudos e materiais previos aos concursos, unha cuestión na que si descansan moitos dos alicerces de calquera interpretación do concepto calidade: de feito, podería dicirse que a calidade obtida nos procedementos é proporcional á dos traballos previos da convocatoria, xa que a claridade na exposición do problema a resolver e dos criterios de valoración é fundamental e só posible tras o decantado dun amplo proceso (que inclúe os estudos previos, a información básica ou as planimetrías

que ás veces hai que solicitar co tempo xa esgotado, ou a **participación cidadá** -outro debate é en que momento do proceso e con que carga de decisión entra dita participación, que desde logo é imprescindible en moitas fases do proceso-). Así mesmo, en canto ás esixencias, deberían rexir os principios da **proporcionalidade** en función da fase do procedemento e a complexidade, evitando a práctica habitual de esixir indirectamente o compromiso do adxudicatario de elaborar documentación en formatos moi específicos (BIM, 3D, etc.), valorado no paquete de criterios técnicos cando se trata dunha minoración na oferta do precio do contrato *disfrazadó* de *mellora técnica*. Por último, os **pagos ou premios** deberían ser proporcionais ás mencionadas esixencias e nunca representar menos do 1% do PEM, amosando ademais que o seu cálculo debe partir do total da inversión, e evitando outra práctica xeral como é o desconto ao/á gañador/a do valor do premio dos honorarios.

Respecto aos **xurados**, a mellora podería pasar porque participen desde o comezo, aceptando as bases e cunha remuneración adecuada para garantir o seu compromiso co proceso. Deste xeito, poderá facerse posible outra das melloras necesarias: que os seus nomes e/ou cargos sexan coñecidos no momento da convocatoria. Tamén se debería reflexionar amplamente sobre a súa composición: ademais da posible inclusión das outras profesións relacionadas coa contorna construída (fóra das/os técnicas/os en enxeñaría e edificación) ou a presencia dun/ha técnico/a que garanta o axuste o PEM, é necesario repensar a figura do xurado "elixido polos/as participantes" -que non existe noutros países europeos- e dos xurados independentes da administración convocante. É preciso facelo, tanto desde a perspectiva de cando e con que remuneración son convocados, como da de como son elixidos e cal é a definición do concepto “de recoñecido prestixio”. Este último factor debería ter máis peso e evolucionar a unha noción onde teñan espazo outras moitas formas de prestixio hoxe non recoñecidas.

Por outra banda, a falta de **transparencia e publicidade tras o fallo** dos concursos produce unha situación de desprezo á profesión (e á sociedade) que só pode ser considerada como inaceptable: deberían publicarse as actas detallando o proceso e argumentado a escolla, e todas as propostas deberían ser publicadas na web de contratación, polo extraordinario interese tanto para os/as participantes como para a cidadanía, como alternativas ao que verá construido ou planificado despois. Tamén está a cuestión da integralidade dos procesos, debendo ser esta nova Lei a que fomente unha visión dos contratos que inclúan o proxecto de execución e dirección de obra para a mesma persoa/entidade redactora do proxecto, un mecanismo que se ten demostrado eficaz para asegurar que quen mellor coñece o proxecto defenda a súa calidade ata o final do proceso.

- **Becas, prácticas, falsos autónomos e precariedade xeral**. O contexto de precarización xeral das novas xeracións de arquitectos/as esixe unha fonda reflexión sobre as formas de traballo que se teñen feito masivas nas últimas décadas. A partir dun estudo exhaustivo das tipoloxías organizativas e empresariais a través das cales se exerce hoxe a profesión de arquitecto/a, esta Lei da arquitectura debe fomentar a **mellora das condicións laborais, da remuneración xusta ou do recoñecemento da autoría** (importantísima, por exemplo, para a contabilización de méritos necesarios para participar en concursos e licitacións). Estas melloras deben ter como obxectivo prioritario rematar coas condicións de inxustiza ou explotación laboral máis comúns no sector e que afectan principalmente á **xente nova recén titulada**. E isto implica revisar completamente a política de becas e contratos de prácticas, unha realidade que, sendo legal, é un foco de precariedade fundamental e unha forma de competencia desleal importante, xa que as persoas con estas relacións laborais realizan labores na maioría dos casos, non só completamente profesionais e en igualdade de condicións que as persoas/empresas contratantes, senón incluso máis específicos e insustituibles que os que estas poden facer, xa que cada nova xeración remata a carreira con coñecementos tecnolóxicos en canto a ferramentas moito máis actualizadas que as que dispoñen nos seus lugares de traballo.

- Sendo conscientes de que a maioría destas cuestións dependen en grande ou total medida de normas como a **Lei de contratación pública e o resto de normativas laborais** nas que se basean este tipo de cuestións como as prácticas non remuneradas, o problema dos falsos autónomos e tantos outros, o que si é esixible é que esta Lei da arquitectura determine cara onde se debe tender nas cuestións nas que estas leis dispoñan de marxes, e cara onde se debe avanzar para mellorar as leis doutros rangos en relación as necesidades da profesión.

A ARQUITECTURA COMO DEREITO.

- Tal e como se recolle no texto previo á Lei, a arquitectura é unha das disciplinas necesarias para posibilitar dereitos da cidadanía, dos que o máis inmediatamente vinculado é o acceso a unha vivenda de calidade. Polo tanto, e do mesmo xeito que xa se fala con normalidade do dereito á cidade ou o dereito á vivenda, debe formularse, en consonancia, o **dereito á arquitectura** e ao resto de disciplinas implicadas.

Para isto é preciso entender unha parte das fucións de arquitectas/os como **servizo garantido** polos poderes públicos. Por exemplo: pode definirse a figura da arquitectura de oficio, de maneira semellante a outras profesións que son tamén imprescindibles para garantir que a cidadanía poda exercer os seus dereitos fundamentais (á saúde, á educación, á defensa legal…). O seu papel podería ser o de acompañar, informar,

asesorar e prescribir a calquera persoa que requira deste traballo profesional para levar a súa vivenda ou contorna a unhas condicións dignas, ou preservalas.

- Como consecuencia, sendo os poderes públicos quen fan efectivos os dereitos da cidadanía, evidénciase como imprescindible **reforzar os recursos públicos** que teñan como obxecto a calidade da arquitectura en Galicia. Desde este prisma non parece pertinente a crecente delegación de funcións en entidades profesionais privadas (dende a supervisión de proxectos, externalizada dos servizos técnicos das administracións, ata as novas atribucións que se propoñen para os colexios profesionais). A Lei de Arquitectura de Galicia debería reverter esa tendencia.

- Unha Lei de arquitectura debería poñer no centro **dereitos constitucionais** recoñecidos pero non suficientemente desenvolvidos e concretados. Dende a técnica arquitectónica/urbanística, estas son cuestións amplamente estudadas e recoñecidas como problema, como o dereito a unha vivenda digna (Art. 47 da Contitución española de 1978) ou a función social da propiedade (Art. 33).

A LEI DE ARQUITECTURA DE GALICIA COMO LEXISLACIÓN.

- A futura Lei de Arquitectura de Galicia debe en primeiro lugar definir con precisión o marco dos **campos de actividade** sobre os que prentende incidir, clarificando aquelas determinacións que inciden sobre o exercicio regrado da arquitectura e aquelas que afectan á contorna construída.

Sobre a contorna construída interveñen outros campos de actividade profesional, moitas veces cunha incidencia de maior impacto que o da urbanización e as edificacións. Acontece coa construción de infraestruturas, as implantacións industriais, determinadas políticas agrarias e forestais, etc. A consideración da calidade da contorna construída non pode ser allea á da calidade doutro xénero de intervencións que están **fóra das facultades** de arquitectos/as.

- Un primeiro paso que precede á elaboración da Lei de arquitectura é establecer claramente se se trata dunha lei para a profesión da arquitectura ou ben de toda a contorna construida. Neste último caso, falamos dun ámbito moito máis amplo no que necesariamente teñen que entrar **outras disciplinas e axentes de intervención**.

- No relativo aos obxectivos enunciados de simplificación normativa e axilización de trámites, a redacción da Lei de arquitectura debe distinguir que **simplificación** e **axilización** son dúas finalidades distintas, con moi diferente concreción.

Non resulta doado que unha nova Lei directamente engadida ao entramado legal existente, cuxas “liñas mestras non pretenden a modificación da lexislación vixente senón a súa coordinación”, sexa capaz de producir unha simplificación normativa.

A mellora das condicións de tramitación non debe substraer **autonomía competencial ás administracións locais**, baixo a externalización de procedementos ou a monitorización por parte da autonómica, baixo o pretexto da calidade arquitectónica, ou o de “desenvolver o potencial de crecemento económico e de emprego que ten a arquitectura”. Estas melloras non deben basearse na privatización ou centralización dos proceso de tramitación, que redundarían nunha máis fonda precarización das entidades locais e de intromisión no control do seu goberno (o que, como é ben sabido, chega en ocasións a implicar un poder de control empregado como ferramenta política).

Concorre ademais a circunstancia de que actualmente un dos principais factores na dilatación do tempo requerido para a concesión de licenzas corresponde á **administración autonómica**, naqueles casos nos que é preceptivo o seu informe e autorización.

Convén polo tanto facer unha distinción previa das melloras que deban abordarse cun marco normativo, daquelas que simplemente se producen cunha maior dotación de **medios materiais e humanos**.

Analogamente, a redacción da Lei precisa dunha reflexión previa sobre a compatibilidade entre a axilización de procedementos e o coidado da calidade arquitectónica que estes deben garantir. A experiencia das pasadas décadas (particularmente en períodos de expansión económica) ten demostrado reiteradamente que ambas cuestións tenden a ser **diverxentes**.

A DIVULGACIÓN E A INVESTIGACIÓN DA ARQUITECTURA/URBANISMO.

- No proceso de redacción da Lei de Arquitectura de Galicia, fóra da cita de anteriores experiencias divulgativas (como se fai no apartado de “Necesidade e oportunidade da súa aprobación” coa experiencia de Proxecto Terra) será necesario un **diagnóstico previo** e panorámico do actual estado do ecosistema cultural, investigador, de crítica e divulgación arredor da arquitectura en Galicia.

Só coa descrición do devandito panorama será posible determinar os focos de produción intelectual e de divulgación que é necesario **reactivar, impulsar ou crear** e

cales destas accións son posibles dende o articulado dunha Lei de Arquitectura de Galicia.

De xeito esquemático poden enunciarse unha serie de problemáticas actuais:

- A reducida dimensión dese ecosistema e o seu baixo impacto na sociedade ten unha primeira eiva na perda de pulo da **actividade cultural do COAG**. A produción e difusión cultural da arquitectura foi un dos obxectivos principais da súa creación e unha liña de traballo prioritaria nas primeiras décadas de existencia do Colexio. Convén lembrar que o foro máis salientable desta institución (a revista Obradoiro) publicou o seu último número no 2012.

- A **produción académica** nestes últimos anos (e particularmente coas consecuencias da implementación do Plano Bolonia, a inflación de *papers* e o circuíto pechado de publicacións acreditadas e citas) adoece das dinámicas de promoción curricular e endogamia universitaria, desatendendo na súa elaboración e circulación á continuidade divulgativa que daría utilidade social a moitas das investigacións acometidas e ao potencial activo que estas supoñen.

- Non se debe deixar de lado o xeito en que a revolución dixital afectou aos medios polos que as/os profesionais intecambian e difunden a súa produción e coñecemento, así como á formación de futuras/os arquitectas/os e á información da cidadanía. As consecuencias deste cambio non afectan só á configuración herdada da produción editorial, senón que tamén condicionan a **natureza e contidos da información e dos coñecementos**, así como os formatos que acadan maior impacto e difusión.

- Nos medios xeralistas a arquitectura *de calidade* figura hoxe fundamentalmente como outro campo do consumo cultural e como factor de distinción social (análogo ao das artes plásticas, escénicas, música, literatura, gastronomía, etc.) eclipsando a necesidade e pertinencia doutros enfoques con incidencia social e que, sobre todo, potencien o **debate público, aberto e accesible á sociedade**.

Sobre este panorama enténdese que a redacción da Lei de Arquitectura de Galicia, no que respecta á divulgación e sensibilización da arquitectura como ben de interese xeral e social, debería considerar as seguintes cuestións:

- A democratización das posibilidades para facer cultura arredor da contorna construída non parece necesitar dunha nova institución (o anunciado Consello da Arquitectura de Galicia), a non ser que esta implique unha maior **transparencia e poder de avaliación** sobre os procesos de traballo e a composición dos órganos de control e lexitimación das arquitecturas e urbanismos.

- Esta Lei debería ampliar moito e dende abaixo o **ecosistema sociocultural** arredor da arquitectura/urbanismo: sobre que axentes producen a crítica, que fenómenos e tipos de produción arquitectónica son obxecto de estudo, con que metodoloxías se analizan, etc.

- Ampliar o panorama do que é **recoñecido como *arquitectura***, de xeito que non só a *arquitectura de autor/a*; a catalogada como monumental ou etnográfica; ou a propia do mundo agrario preindustrial, teñan espazo na cultura arquitectónica publicada e documentada. Coñecer o outro territorio (que é o estrutural, o 99% do territorio) é fundamental para poder defendelo, e aí precisamente o que faría falta serían outras miradas cara á arquitectura (e quizáis máis desde fóra desta disciplina). Para concretalo cun exemplo recente salientable dese xeito de achegamento:

A película Esquece Monelos (Ángeles Huerta, 2017) adopta como fío argumental non tanto unha peza da paisaxe, como máis ben un sistema territorial. Este é entendido como un tecido de elementos físicos, presenzas humanas e diferentes tipos de pegada (memorias). A destrución, os conflitos e as persistencias son tamén parte do material que compón a contorna construída. O achegamento a esta non ten que necesariamente producirse coas ferramentas disciplinares da arquitectura, para a súa posta en valor. A acollida que a película tivo nos barrios vinculados ao río Monelos, no conxunto da cidade, pero sobre todo no interese espertado nun amplo espectro da cidadanía sobre este río urbano, así como as súas posibilidades de recuperación (como exemplifica o consenso nas máis recentes propostas para transformación do bordo litoral do porto da Coruña), salientan a importancia deste tipo de achegas, non só como rexistro etnográfico, senón como **ferramentas que desencadean un acordo no desexo de mellora da contorna construída**.

- A posta en valor de exemplos salientables tampouco debería recorrer a fórmulas sobreexplotadas como a creación dun novo **premio** arquitectónico (tal e como se ten feito noutras normas equivalentes á Lei en proxecto), e menos a outro premio máis nas condicións de concorrencia dos existentes, o que reduce de novo as posibilidades para os/as máis pequenos/as e precarios/as, ou dos/das axentes periféricos/as á figura do/da arquitecto/a facultado/a, deixando os premios en mans de quen pode ou quere dedicar tempo a presentarse, e non ás arquitecturas e proxectos urbanos que máis o merezan pola súa calidade.

Por último, en canto ás obras construídas, tamén sería bo que a Lei establecese como máis pertinente o outorgamento de **recoñecementos pasado certo tempo da construcción das obras** (fórmula que ven sendo empregada de longo noutros estados), explicitando así que a contorna construída é algo máis que a mellor foto do día da inauguración. Trátase dun tipo de recoñecemento

que expresa a pertinencia dos discursos que as sustentan e a máxima importancia da concordancia entre o proxecto, a obra, as persoas e os seus usos e xestión da vida do inmoble. Isto último é o que realmente constitúe a cerna do patrimonio edificado e recoñece a sensibilidade ante o valor da contorna construída.

- Outra cuestión sobre a que a Lei pode incidir, corrixindo distorsións existentes, sería o **fomento da investigación arquitectónica e urbana a múltiples niveis**: respecto ás convocatorias completamente abertas e razonablemente financiadas, do apoio ás institucións que fan hoxe investigación, ou das propias funcións das novas institucións que se contempla crear, como o Consello da Arquitectura de Galicia. Convén considerar e fomentar sobre todo as formas de investigación que xa non teñen cabida na realidade actual pre-lei. A investigación tamén debe tratar temas que hoxe non responden aos intereses e medios do entramado institucional: dende as formas de tenza, ata auto-construción, ou as novas formas urbanas comúns en Galicia, pero nunca teorizadas, nin recoñecidas e ata mediaticamente demonizadas.

- A Lei non pode servir simplemente para consolidar o sistema das elites arquitectónicas actuais, perfectamente aliñadas co status quo: debe garantir a **máxima pluralidade** dos entendementos da contorna construída e dos formatos profesionais. Neste sentido, faise necesaria, así mesmo, unha divulgación a pé de rúa (acompañada dunha fonda revisión interna) sobre a propia profesión da/o arquitecta/o, alén dos roles tradicionais que conduciron á percepción, tremendamente degradada, que ten gran parte da poboación. Trátase de fuxir de discursos aleccionadores e achegar á xente coñecemento sobre o seu carácter de servizo esencial e as maneiras en que pode "dar resposta ás necesidades actuais" contribuíndo a mellorar a habitabilidade e a calidade de vida.

Casa da Fariña - A Coruña, 30/12/2020
Traballo en liña, 31/12/2020 - 04/01/2021

Adolfo Agra
Alejandro A. Blanco
Cristina Botana / Colectivo Anomias
Iago Carro / Ergosfera
Hilda Cuba
Ramón Fernández / Hábitat Social
Xoán Mosquera